



## Tertulias Literarias

### PROGRAMACIÓN GRUPO A outubro – decembro 2014

**15 de outubro:** entregamos...



#### 84 Charing Cross Road, de Helene Hanff

En 1949, unha nova escritora neiorquina envía unha carta a unha librería londinense. Apaixonada e maniática, a moza reclámalle ao libreiro volumes dificilmente atopables que tranquilizarán a súa sede de descubrimentos. Vinte anos máis tarde continúa a súa correspondencia e a familiaridade convertese nunha intimidade case amorosa.

*Comentario: 29 de outubro*

15 de outubro ás 19 h.: presentación do libro

*"Un enigma elegante"*  
de Elena Galván



**29 de outubro:** entregamos...



#### Futuro imperfecto, de Xulia Alonso Díaz

Durante as décadas de 1980 e 1990, moitos mozos descubriron simultaneamente o amor e a droga. As consecuencias desa vivencia marcáronos para sempre, a algúns de xeito dramático. Este libro é un reencontro con ese tempo, coa súa presenza proxeitada no futuro. Un futuro que xa non pode ser perfecto mais é esperanzado.

*Comentario: 12 de novembro*

**12 de novembro:** entregamos...



#### La vida de Pi, de Yann Martel

Pi Pattel vive na India, onde o seu pai é o propietario dun zoolóxico. Cando deciden emigrar a Canadá a seu travesía verase truncada por unha tormenta, naufragando o barco no que viaxaban. Na barca de salvamento quedan cinco tripulantes, Pi e catro animais que están dispostos a ocupar o seu posto na cadea alimentaria.

*Comentario: 26 de novembro*

**26 de novembro:** entregamos...




#### Prisioneros en el paraíso, de Arto Paasilinna

Un avión efectúa unha aterraxe de urxencia no arquipélago indonesio. Trala consternación inicial, a comunidade de naufragos dedícase á organización da supervivencia. Unha volta ao tópico literario da illa deserta transformada nunha hilarante aventura utópica.

*Comentario: 10 de decembro*

**10 de decembro:** entregamos...



#### Los detectives salvajes, de Roberto Bolaño

Arturo e Ulises, os detectives salvaxes, saen en procura do rastro de Cesárea Tinajero, a misteriosa escritora desaparecida en México nos anos posteriores á Revolución. Dita pesquisa irase prolongando durante vinte anos, desde 1976 ata 1996, atravesando México, Nicaragua, Estados Unidos, Francia, España, Austria, Israel e África.

*Comentario: 7 de xaneiro*

10 de decembro ás 18,30 h.: presentación do libro

*"Corazón de paloma"*  
de José Antonio Borrallo Arijón

